

II. CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN PARA CULTURA CLÁSICA 3º ESO

1. Comprender a cultura clásica:

1. 1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos aspectos históricos e culturais do mundo grecorromano.

2. Comprender o legado clásico:

2. 1. Recoñecer nas distintas épocas a transmisión da cultura clásica.

2.2. Coñecer as expresións latinas.

3. Coñecer a escritura das linguas:

3. 1. Distinguir os principais sistemas de escritura e describir as súas características.

3. 2. Coñecer as letras do alfabeto grego na linguaxe matemática e científica.

3. 3. Coñecer as letras do abecedario latino e a numeración romana.

4. Comprender o vocabulario:

4. 1. Identificar os lexemas, prefixos e sufixos estudados.

4. 2. Identificar palabras patrimoniais e cultas.

5. Identificar o espazo público:

5. 1. Recoñecer o marco xeográfico e temporal.

5. 2. Identificar as formas básicas de organización social e política e concibir a democracia como unha forma de goberno e un estilo de vida cidadá.

5. 3. Identificar a herdanza de Grecia e de Roma e coñecer os elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico e artístico.

6. Coñecer a relixión e a sociedade:

6. 1. Coñecer os deuses e deusas de Grecia e de Roma, os heroes máis significativos, os santuarios e as formas de culto.

6. 2. Identificar as formas básicas de ocio: banquetes, festas e celebracións.

7. Comprender a mitoloxía, a literatura e a arte clásica:

7. 1. Coñecer os principais mitos gregos e romanos.

7. 2. Coñecer os autores e as obras dos grandes xéneros literarios en verso e prosa.

7. 3. Coñecer as características esenciais das obras da arte clásica e a súa funcionalidade.

8. Coñecer Hispania romana:

8. 1. Coñecer a relixión e a sociedade prerromana.

8. 2. Coñecer a romanización de Hispania.

8. 3. Coñecer a toponimia hispana de orixe romana.

8. 4. Coñecer a cultura dos castros na provincia romana Gallaecia.

8. 5. Coñecer o Camiño de Santiago e a toponimia galega máis célebre.

9. Identificar as linguas romances:

9.1. Coñecer a formación das palabras en español e en galego.